



A biodiversidade é un termo que escoitamos agora de xeito frecuente nos medios de comunicación. Define a variedade que existe dentro dunha especie (variedade xenética), a variedade entre especies, a variedade entre comunidades e a variedade entre ecosistemas. Por que é tan importante a biodiversidade? Son moitas as razóns, pero se cadra as máis relevantes son dúas: os ambientes máis diversos son máis resistentes aos cambios, é dicir, favorece a estabilidade ambiental; e, en segundo lugar, a biodiversidade é fundamental dentro do proceso de evolución dos organismos, comunidades e ecosistemas.

Debido á deterioración ambiental provocada polo home, está a producirse unha perda importante de biodiversidade e, polo tanto, non é de estrañar que a ONU declarase o 2010 como Ano Internacional da Biodiversidade, para tentar sensibilizar sobre a importancia da variedade de vida na Terra para o benestar humano.

O obxectivo desta cuarta edición do Ciclo Ciencia e Sociedade, organizado pola Fundación Carlos Casares, é contribuír a divulgar a importancia da biodiversidade, amosando algúns dos programas que se están a realizar en España, salientando os problemas que suceden en zonas onde a biodiversidade é alta e a deterioración é acusada (Amazonas), e, por último, mostrar iniciativas para cuantificar a biodiversidade a nivel mundial.



FUNDACIÓN
CARLOS CASARES

IV CICLO CIENCIA E SOCIEDADE

Biodiversidade
Que sabemos dela?

2, 3 e 4
de marzo de 2010

Entrada libre

Coordinador
Cástor Guisande González

20:00 horas
SEDE FUNDACIÓN
CAIXA GALICIA
Rúa Policarpo Sanz, 21
VIGO

 **FUNDACION CAIXA GALICIA**

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

1ª SESIÓN

MARTES 2 DE MARZO. 20,00 H.

APERTURA:

Dna. Kristina Berg.

Presidenta da Fundación Carlos Casares.

PRESENTACIÓN:

D. Cástor Guisande.

Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal.

Facultade de Ciencias do Mar, Universidade de Vigo.

CONFERENCIA INAUGURAL:

D. Ignacio Torres Ruiz-Huerta.

Director de Estudos e Proxectos da Fundación Biodiversidad.

Actuacións da Fundación Biodiversidad: meta e obxectivos alén 2010.

Coloquio co Relator

2ª SESIÓN

MÉRCORES 3 DE MARZO. 20,00 H.

RELATOR:

D. William Laurance.

Escola de Bioloxía Mariña e Tropical, Universidade James Cook (Cairns, Australia).

Novas ameazas e desafíos da investigación nos trópicos.

Coloquio co Relator

3ª SESIÓN

XOVES 4 DE MARZO. 20,00 H.

RELATOR:

D. Francisco Pando de la Hoz.

Xestor do Nodo Nacional de Información sobre Biodiversidade.

Datos de biodiversidade de todos e para todos: a iniciativa GBIF.

Coloquio co Relator

RELADORES CONVIDADOS

Ignacio Torres Ruiz-Huerta

Licenciado en Ciencias Biolóxicas pola Universidade Complutense de Madrid, acumula 16 anos de experiencia en xestión de proxectos nacionais e europeos sobre o ambiente, o desenvolvemento rural, o cambio climático e a conservación da natureza. Traballou en consultorías, en enxeñerías e tamén para a Comisión Europea. Actualmente, é o director de estudos e proxectos da Fundación Biodiversidad, e director do proxecto INDEMARES, un dos máis ambiciosos esforzos, a nivel europeo, de investigación e conservación do medio mariño.

William Laurance

Ph. D. en Bioloxía Integrativa pola Universidade de California (Berkeley), é investigador da Escola de Bioloxía Mariña e Tropical na Universidade James Cook (Cairns, Australia) e tamén do Instituto Smithsonian de Investigacións Tropicais do Panamá. Entre outros moitos recoñecementos, en 2008 obtivo, xunto a Thomas E. Lovejoy, o premio Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento, na categoría de Ecoloxía e Bioloxía da Conservación. É membro do consello editorial de revistas como *Tropical Conservation Science*, *Natureza e Conservação*, *Trends in Ecology and Evolution*, etc. Así mesmo é autor dunha vasta obra científica, especialmente sobre a biodiversidade nos ecosistemas tropicais.

Francisco Pando de la Hoz

Doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade Complutense de Madrid. É un especialista en Taxonomía, centrando os seus estudos nos Mixomicetes, e tamén en informática, especializándose nos sistemas de información para coleccións e proxectos florísticos, e os seus asistentes de identificación. Investigador do Consello Superior de Investigacións Científicas de España (CSIC), é coautor de varias *check-list* globais e máis de 70 publicacións científicas. Estableceu e dirixiu o Nodo español da Infraestrutura Mundial de Datos sobre Biodiversidade (GBIF), e actualmente tamén é membro do seu comité executivo.